



010527 14.11.2013 09:27

**INSTRUCCIÓN XIII/2013 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO PARA A REALIZACIÓN DA CONCILIACIÓN DOS DATOS DE ESICUS COS DATOS DE SIC**

A Universidade de Santiago de Compostela (USC), en cumprimento da normativa que se indica a continuación, está obrigada á rendición das contas anuais no prazo dos seis primeiros meses, unha vez pechado o exercicio económico.

No artigo 81.5 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, modificado polo Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, establecese o que segue:

- “As Universidades deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte”
- “As Universidades remitirán copia da liquidación dos seus orzamentos e o resto de documentos que constitúan as súas contas anuais á Comunidade Autónoma no prazo establecido polas normas aplicables da Comunidade Autónoma”

No artigo 21.2 “Disposicións específicas para as universidades e para os axentes vinculados a estas ou dependentes delas” da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira”, establecese o que segue:

- “As contas anuais consolidadas de cada universidade deberán remitírselle á consellería competente en materia de facenda antes do 30 de xuño do exercicio seguinte. Esta documentación xuntaráselle á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa remisión ao Consello de Contas de Galicia”

Na Orde EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública (PXCP), se establece a obrigatoriedade de dar información de custos no punto 25 “Información sobre o custe das actividades” Para a confección desta información se aplicarán os principios desenvolvidos no documento «Principios generales sobre Contabilidad Analítica de las Administraciones Públicas» (IGAE 2004). Tendo en conta o anterior, ademais de elaborar as contabilidades orzamentarias e financeira, haberá que elaborar tamén a contabilidade analítica co fin de obter os índices marcados no PXCP.

Para confeccionar a liquidación do orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio siguiente, precisamos acurtar o prazo, que vai entre o peche do exercicio orzamentario e o de liquidación do orzamento, destinado á realización das operacións de comprobación, tramitación, revisión e axuste da execución orzamentaria e entre elas o proceso de conciliación dos datos eSICUS-SIC, operación que ata o momento resultaba laboriosa e que consumía un amplio prazo de tempo ..

A fin de que a conciliación dos sistemas permita poder elaborar a liquidación en prazo e, por outra banda non interferir na execución orzamentaria, e polo que se establecen os prazos de conciliación fixos seguintes:

- A conciliación de ambos sistemas debe ser unha tarefa a realizar de forma habitual polos responsables de asuntos económicos, estes comprobarán trimestralmente a correspondencia dos datos de crédito definitivo e obrigas eSICUS e SIC de cara a ter conciliada a información nos períodos de conciliacións parciais e definitiva establecidos.
- Establécense tres conciliacións por ejercicio económico, dúas parciais e unha definitiva que se realizará unha vez estean contabilizadas en ámbolos dous sistemas todos os movementos relativos as modificacións orzamentarias e as obrigas .
- As parciais realizaranse con data do penúltimo día hábil dos meses de maio e novembro de cada exercicio e a conciliación definitiva no prazo establecido nas normas de peche pero que en todo caso deberá ser antes do 15 de febreiro.
- Os servizos de Contabilidade e Orzamentos e de Control Interno serán os encargados da conciliación.
- En cada exercicio económico se comunicará aos responsables de asuntos económicos a data concreta das conciliacións.
- Os responsables de asuntos económicos colaborarán en todo momento cos servizos antes indicados para corrixir o datos incorrectos.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2013

A xerente



M<sup>a</sup> Lourdes Batán Aira